

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE ABRIL DE 2024**

### **PRESIDENTA:**

A alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Dolores Pan Lesta

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Daniel Mallo Castro  
D. Ramón Boga Moscoso  
D<sup>a</sup> María Carmen Pan Matos  
D. David López Saborido  
D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día nove de abril do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D<sup>a</sup>. María Carmen Pan Matos, D. David López Saborido e D<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir.

Asisten á sesión a interventora municipal, D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE ABRIL DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de abril de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 2 de abril de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Dirección Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, resolución do 22 de marzo de 2024, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia

titulares de bibliotecas públicas de Galicia e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións bibliográficas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT235A). DOG número 66, de 04-04-2024.

- Dirección Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Resolución do 1 de abril de 2024, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT236A). DOG número 69, de 09-04-2024.

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 4 de abril de 2024, pola que se actualiza o Anexo I incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 69, de 09-04-2024.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 27 de marzo ao 4 de abril de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 391/2024 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 431/2024, segundo se relacionan a continuación:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
391/2024	27-03-2024	Convocatoria da sesión ordinaria Xunta Goberno Local do día 2 de abril de 2024
392/2024	27-03-2024	Comparecer no procedemento abreviado 303/2023-M contra a desestimación presunta da reclamación de 1 de abril de 2023, da demandante VMOL perante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á asesoría xurídica da deputación provincial da Coruña
393/2024	27-03-2024	Solicitar á Consellería de Política Social e Xuventude a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, sendo o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do anexo V, de 1.039.754,68 euros
394/2024	01-04-2024	Solicitar a axuda do Programa do plan corresponsables no ámbito local, denominada CONCILIA CAMBRE, e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das

		subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021- 2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024
395/2024	01-04-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para instalar un centro de transformación na finca sita na parroquia de Cambre. Solicitante: UFD DE, SA
396/2024	01-04-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia, omisión e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios, e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo das persoas correspondentes ao mes de xaneiro de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
397/2024	01-04-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida e falecemento ás persoas correspondentes ao mes de xaneiro de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
398/2024	01-04-2024	Asignar os números ás vivendas segundo plano de situación que consta no expediente
399/2024	01-04-2024	Arquivar o expediente incoado a UFD,S.A polo depósito de ramas e restos de poda debaixo da liña eléctrica, ao terse rectificadas os feitos denunciados
400/2024	01-04-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 3/2024 por importe de 49.336,53 euros
401/2024	01-04-2024	Aprobar a nómina complementaria do mes de marzo do 2024 cun importe total de retribucións brutas 37.289,94 euros
402/2024	02-04-2024	Aprobar, con efectos do 25 de marzo de 2024, a relación de solicitudes admitidas dos/das participantes no programa de actividades "Obradoiros de Semana Santa 2024"
403/2024	02-04-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia e falecemento ás persoas correspondentes ao mes de febreiro de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades
404/2024	02-04-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios das persoas no período comprendido entre o 1 ao 29 de febreiro de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto

		1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
405/2024	02-04-2024	Aceptar a renuncia presentada por ARR ao exercicio de accións contra a sanción proposta. Declarar a ARR responsable dunha infracción ao disposto pola Ordenanza de limpeza viaria, e en consecuencia impoñerlle unha sanción de multa de 120 euros
406/2024	02-04-2024	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar FDP e PMS nas parcelas sitas en Anceis, consistentes na execución de peches na fronte das anteditas parcelas, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia
407/2024	02-04-2024	Iniciar expediente de orde de execución a JAGM para a poda das polas da árbore existente na finca sita en Brexo, que invaden a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
408/2024	02-04-2024	Ordenar a MTNG que pode as tullas existentes na finca sita en Brexo, de xeito que non superen a altura de 1,80 metros, máxima permitida para os cerramentos vexetais polo anexo 6 das Normas subsidiarias de planeamento municipais
409/2024	02-04-2024	Ordenar a JAFS que limpe a maleza e retire os materiais de obra e entullos existentes na finca sita en Pravio, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
410/2024	02-04-2024	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar os herdeiros de EMLF e MCPL e MCPL na parcela sita na parroquia de Brexo
411/2024	02-04-2024	Desestimar as alegacións presentadas por MJLR. Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a CFM, MJLR e ELR cunha periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución da alcaldía de data 20 de maio de 2021
412/2024	02-04-2024	Ordenar a MJFF que restituía os movementos de terra realizados na parcela sita en Cambre, ao seu estado anterior
413/2024	02-04-2024	Arquivar o expediente ao terse regularizado os actos denunciados mediante a presentación da comunicación na finca sita en Pravio, MICR e JLSL
414/2024	02-04-2024	Levantar o reparo formulado pola interventora municipal no informe de data 25 de marzo de 2024. Adxudicar o contrato menor para a "Subministración en estación de servizo, de gasóleo e gasolina para vehículos e maquinaria propiedade do Concello de Cambre" á entidade mercantil CETANOIL CECEBRE,S.L.
415/2024	02-04-2024	Nomear a MMM auxiliar administrativo interino encadrado na escala de administración xeral, subescala auxiliar, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C2 e adscrito a Secretaría de conformidade co art. 23.2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
416/2024	03-04-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por EFC contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 23 de febreiro de 2023. Arquivar o expediente, incoado a



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		JFC e SFL pola construción dun peche e un alpendre, na parcela sita en Anceis, carecendo do preceptivo título habilitante, ao terse regularizado os actos denunciados
417/2024	03-04-2024	Desestimar as alegacións presentadas por JVC por canto que versan fundamentalmente sobre a procedencia da orde de demolición ditada no expediente, que xa é firme, polo que non cabe volver a reconsiderar a decisión adoptada nin tampouco introducir cuestións novas
418/2024	03-04-2024	Declarar a FJGV responsable da comisión dunha infracción consistente en non recoller as deposicións realizadas polo seu animal de compañía nas inmediacións da zona verde anexa ao edificio en Cambre, estando cualificados tales feitos coma infracción de carácter leve polo artigo 27 a) apartado 8 da Ordenanza municipal reguladora da limpeza viaria e ornato publico, impoñéndolle como consecuencia a sanción de multa de 150 euros
419/2024	03-04-2024	Iniciar expediente de orde de execución a LLM para a poda das polas das árbores existentes na finca sita en Pravio, que voan sobre a vía pública, afectando ao tendido eléctrico, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
420/2024	03-04-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 2.017,16 euros
421/2024	03-04-2024	Levantar o reparo formulado pola interventora municipal no informe de data 25 de marzo de 2024. Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é a "Subministración de gasóleo y GLP a punto de consumo para instalacións en dependencias municipais do Concello de Cambre", por importe de 16.433,88 euros. Adxudicar o contrato menor á entidade mercantil CETANOIL CECEBRE,S.L.
422/2024	03-04-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a autoliquidación taxa DOGA por importe total de 111,53 euros
423/2024	03-04-2024	Conceder axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: FLCV
424/2024	03-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AMBC
425/2024	04-04-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a taxas da Xunta de Galicia por importe total de 95,74 euros (autorizacións de obras Augas de Galicia)
426/2024	04-04-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Xogando no Nadal 2023" (1ª quenda: do 22 ao 29 de decembro de 2023), que comprende 23 recibos e 3 cotas 0 dun total de 26 persoas participantes e os importes correspondentes



		que deberán aboar, por un importe total de 460,00 €. Aprobar o padrón do prezo público actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Xogando no Nadal 2023" (2ª quenda: do 2 ao 5 de xaneiro de 2024), que comprende 24 recibos e 3 cotas 0 dun total de 27 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar, por un importe total de 388,00 €
427/2024	04-04-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en seis mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2024 fronte á cafetería situada no Paseo Marítimo, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale na beirarrúa situada fronte á fachada do establecemento, sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: O, S.C.
428/2024	04-04-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en doce mesas durante o ano 2024 fronte á cervexaría situada na rúa Río Mandeo, A Barcala, condicionado a que a terraza se instale adosada á fachada do establecemento e na propia praza, sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: DS, S.L:
429/2024	04-04-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dúas mesas con dous bancos cada unha e unha mesa alta durante o ano 2024 fronte ao local situada na rúa Pintor Pablo Manzano, Cambre, condicionado a que a terraza se instale pegada á fachada do establecemento, sen exceder a fronte do local e dentro da zona de soportais, deixando libre o acceso a rampla existente para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé ou persoas con mobilidade reducida. Solicitante: APS
430/2024	04-04-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 correspondente ao mes de outubro 2023 que comprende 248 recibos e 133 cotas cero por un importe total de 1.258,13 €
431/2024	04-04-2024	Declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado xestión servizo municipal de auga e sumidoiro prestado pola empresa Augaservi, S.L

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo